

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a nove de novembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de novembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María Teresa Arias Hermida e Jesús Arias Hermida

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 18 de outubro de 2023 (RE-E núm. 623), coas seguintes características:

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA TERESA ARIAS HERMIDA
DNI	██████████
DOMICILIO	SADA (A CORUÑA)
NOME E APELIDOS	JESÚS ARIAS HERMIDA
DNI	██████████
DOMICILIO	CHANTADA (LUGO)
REPRESENTANTE	VANESSA GONZÁLEZ CACHAFEIRO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	PECHE DE PARCELA
LUGAR	VILANOVA
PARROQUIA	CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELA	Finca núm. 92 do polígono 1 do acordo da ZCP Val de Camba
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (proxecto técnico redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro en data 18/10/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	7.166,93 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	CATRO (4) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 03/11/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO CORENTA E TRES EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (143,33 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 2 de outubro de 2023 (RE-E núm. 565), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REDE DE BAIXA TENSIÓN SUBTERRÁNEA
LUGAR	CAMPO DE RAÑESTRAS
PARROQUIA	ÁLCEME
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A112001190000LU
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 25/09/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	11.789,10 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 30/10/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (235,78 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 25 de outubro de 2023 (RE-E núm. 638), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REDE DE BAIXA TENSIÓN SOTERRADA
LUGAR	A GRANXA
PARROQUIA	O SALTO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	002000900NH82B0001FA
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 21/08/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.833,97 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO

INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 06/11/23)
---------------------	---

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SETENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (76,67 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir a condición impostas pola autorización emitida polo Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra mediante Resolución de data 11/10/23 (expediente núm. ██████████).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación

presentada.

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 31 de outubro de 2023 (RE-E núm. 649), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	REDE DE BAIXA TENSIÓN SOTERRADA
LUGAR	COREIXAS
PARROQUIA	A PORTELA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	000901800NH82F0001BU
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 30/08/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	4.389,49 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 06/11/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (87,78 €).

Cuarto.- As obras dispoñen de declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, emitida por Augas de Galicia mediante Resolución de data 20/09/23 (clave XXXXXXXXXX).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022***

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1, final e liquidación correspondente á obra de “Pavimentación e reforzo de firmes en

camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, por importe de DOUSCENTOS NOVENTA E TRES MIL QUINCE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (293.015,37 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Pablo Blanco Ferreiro.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 293.015,37 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2023-388 (FACe), de data 26/10/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 7 de novembro de 2023, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes e modificacións recollidos na relación valorada da certificación de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 02/10/23.

#### ***4.- DISTRIBUCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE ALIMENTOS 2023, PROCEDENTES DE EXCEDENTES DA UNIÓN EUROPEA***

VISTO o informe-proposta realizado pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, en data 07/11/23, para a concesión e repartición da segunda fase do Plan de alimentos 2023,

procedentes de excedentes da Unión Europea e xestionados pola Cruz Vermella Española, entre doce (12) unidades familiares do Concello que se atopan nunha situación económica precaria e cumpren cos requisitos de acceso establecidos nas correspondentes Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2013. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar a devandita proposta e o reparto dos alimentos cedidos entre as familias necesitadas.

## ***5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Esperanza Silva González, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais correspondentes ao ano 2023 neste mes de novembro. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as

dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ BEATRIZ SENRA DOBARRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 13 e 24 de novembro do corrente, ambos inclusive, en substitución de Esperanza Silva González.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## **6.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE CULTURAL DENOMINADA “XORNADA MICOLÓXICA”**

Á proposta da concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade, e ao obxecto de facilitar aos/ás veciños/as interesados/as un coñecemento axeitado das especies de setas que medran no campo nesta tempada de outono, así como do seu aproveitamento como recurso culinario, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a actividade cultural denominada “*Xornada micolóxica*” o vindeiro día 11 de novembro do corrente, ás 10:00 horas, no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

Segundo.- A xornada consistirá nunha saída de campo acompañada dun experto e unha posterior degustación gastronómica de elaboracións realizadas a base de setas nun restaurante da localidade.

Terceiro.- Establecer en trinta (30) prazas o número máximo de asistentes inscritos na actividade.

Cuarto.- Fixar, para a degustación gastronómica, unha cantidade de copagamento de 10,00 € para participantes maiores de 14 anos, e de 5,00 € para os menores desa idade.

## **7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR”**

### ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa ao “*promoción do deporte e instalacións deportivas (...)*”, segundo o establecido no artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida ao efecto pola Secretaría Xeral para o Deporte, ao abeiro da Orde do 28 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2023 para a concesión de subvencións plurianuais e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación e mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (DOG núm. 151, do 09/08/23).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR” á

sociedade NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Silleda, ao prezo de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (48.308,65 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución, aprobado no seu día por este órgano, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar director da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución ao facultativo redactor do proxecto.

## 8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FERRODEIRO S.L. 1.237,01 €  
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 002488.
- MERCAHILBE S.L. 8,07 € E 12,84 €  
Por subministro de augas para o Concello, s/facturas núm. 07000003 e 10000004.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 72,89 € E 91,83 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de outubro de 2023, s/facturas núm. 4003830234 e 4003823024 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 516,18 €  
Por seguro semestral do camión vello de recollida do lixo, s/factura núm. 75202319900020008202 (FACe).

- JORGE OJEA MATO 42,83 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 42,83 € E 39,78 €  
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ANA MARÍA JORGE COUTO 39,78 € E 36,72 €  
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 39,78 € E 39,78 €  
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JUAN CARLOS DIÉGUEZ PATAO 36,72 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.197,50 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2023*” no mes de outubro de 2023, s/factura núm. 23/12.
- COSAPLAG S.L.U. 131,16 €  
Por analítica de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20232398 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións  
(*sinatura dixital*)